

MARIÑO, Paz (2017): *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega*. Vigo: Xerais, 699 pp.

A *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega* (Xerais, 2017) é a última gran monografía de Ramón Mariño Paz, Catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade de Santiago de Compostela e investigador adscrito do Instituto da Lingua Galega. Como o propio autor indica nunha pequena “Nota preliminar”, trátase da culminación dun traballo de investigación realizado durante moitos anos no seo da sección de Gramática Histórica do Instituto da Lingua Galega, tempo durante o cal difundiu e publicou un amplo conxunto de ensaios enfocados na historia social da lingua e do galego escrito, e sobre a súa fonética, fonoloxía e morfoloxía históricas. Dan conta disto, entre outras moitas, obras como a *Historia da lingua galega* (Sotelo Blanco, 1998), actualizada dez anos despois na súa *Historia de la lengua gallega* (Lincom, Múnic, 2008) ou *A Lingua galega no limiar da súa renacemento* (Universidade da Coruña, 2003). Ao mesmo tempo, Ramón Mariño ocupou gran parte dos seus esforzos na recuperación (edición e estudo) de textos do galego medio e contemporáneo: lembremos, entre outros títulos, a edición do *Coloquio de vintecatros galegos rústicos* (Consello da Cultura Galega, 1995), os dous volumes de *Papés d'emprenta condenada (I. A escrita galega entre 1797 e 1846 e II. Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea)*, ambos os dous publicados, tamén, polo Consello da Cultura Galega (2008 e 2012), ou *O romance da urca de Santo Antón (1777): poesía en galego no Ferrol do século XVIII* (Fundación Barrié, 2012), publicado en coautoría con Damián Suárez Vázquez e Margarita Sánchez Yáñez. Por suposto, esta é só unha pequena mostra dun numeroso conxunto de traballos de investigación publicados en diferentes revistas científicas e volumes colectivos dos que aquí, como é lóxico, non faremos mención.

A lectura dos diferentes textos (pos)medievais á nosa disposición, a compilación dos datos –co auxilio de diferentes ferramentas dixitais como o CODOLGA (*Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*), o TMILG (*Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*) e, en menor medida, o DDGM (*Diccionario de Dicionarios do Galego Medieval*) e o GLOSSA (*Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa*)– e a súa análise e interpretación deron lugar á conformación de tres grandes bloques de traballo atendendo aos principais períodos históricos nos que é recomendábel subdividir a exposición das mudanzas lingüísticas do galego: do latín ao galego medieval (sécs. II a.C.-XV), o galego medio (sécs. XVI-XVII) e o galego contemporáneo (sécs. XIX-XXI). Para alén da pormenorizada e ilustrativa exposición de todos os procesos fonéticos e fonolóxicos asociados ao sistema vocálico e consonántico da lingua ao longo da súa historia, contamos nos tres casos cun proveitoso panorama sociolingüístico previo que nos ofrece as claves interpretativas necesarias para a lectura das seguintes subseccións sen perder de vista o contexto social e histórico no que se inscriben os diferentes mecanismos lingüísticos en marcha. O lector poderá, ademais, achegarse a toda esta masa informativa, perfectamente xerarquizada e clasificada, non só a través do índice xeral, máis tamén de xeito máis puntual e específico grazas ao utilísimo índice de palabras e voces onomásticas galegas, portuguesas e asturianas incluído ao final da monografía (pp. 623-690).

Antes de abordar as innovacións fonéticas e fonolóxicas rexistradas nos tres períodos antecitados, o autor desenvolve un necesario e completo capítulo introdutorio (pp. 11-100) centrado na explicación de diferentes cuestións relativas á mudanza lingüística: os procesos de (co)variación e estandarización (procesos de lingüificación

e dialectalización, continuidade xeolectal e fronteiras políticas etc.), as fases polas que transita o cambio lingüístico, as motivacións (extra)sistémicas para a xeración de innovacións lingüísticas, a súa difusión (pola estrutura da lingua ou pola comunidade de falantes) e tipoloxía (mudanzas fonéticas e fonolóxicas, morfolóxicas e sintácticas, lexicais e semánticas) e, finalmente, as fontes para o estudo da lingüística histórica galega.

O máis extenso dos períodos estudados, como é lóxico, é o primeiro (cap. II, pp. 101-426), a época que vai desde o latín que trouxeron os romanos á Gallaecia (séc. II a.C.) até o final da etapa baixomedieval (séc. XV e comezos do XVI); un período dificilmente divisíbel debido ao escaso coñecemento que temos aínda sobre o latín galai-co e o protorromance galego. No estudo do vocalismo, cómpre salientar a exposición das pautas evolutivas das vogais tónicas sometidas a distintos procesos de indución fonética (como os efectos do iode, hererosilábicos ou homosilábicos, primarios ou secundarios; a metafonía nominal e outros procesos de inflexión, elevación e palatalización por influencia de /-i/ postónico, de /'a/, de /u/ ou /a/ en hiato, de consoante nasal ou de grupos consonánticos heterosilábicos) ou os procesos fonéticos que interveñen no vocalismo átono, en posición pretónica ou postónica interna (síncope), ou en posición átona final de palabra (evolución das vogais palatais e velares neste contexto; apócope). Pola súa peculiaridade e complexidade evolutiva, a historia das vogais nasais trátase nunha subsección propia, na que destaca especialmente a exposición dos diferentes casos de desnasalización vocálica e da súa representación gráfica no galego medieval (desnasalización xeneralizada e completa, coexistencia de solucións con e sen desenvolvemento, xeración de consoante nasal velar na marxe silábica posnuclear ou prenuclear, desenvolvemento de grupo consonántico heretosilábico etc.), incluíndo, tamén, os resultados das falas do noroeste estremeño (Val do Xalma e do Val do río Ellas). Após a explicación da evolución dos hiatos (de vogais homorgánicas ou heterorgánicas) e dos ditongos decrecentes (primarios e secundarios), chegamos á exhaustiva exposición das pautas evolutivas do consonantismo, onde se refiren, para alén das diferenzas entre o sistema consonántico inicial do galego medieval e o do latín clásico, as palatalizacións consonánticas e os procesos de asibilación (conversión de consoantes oclusivas en africadas: dentoalveolares e palatais; e fricativas: prepalatais e apicoalveolares), desafricación e desonorización; a lenición consonántica (abreviación de consoantes longas, sonorización de consoantes xordas

breves, debilitamento e desaparición de consoantes sonoras breves, o betacismo etc.), o reforzo e recomposición de ataques silábicos (débiles ou difíciles) e a debilitación de consoantes situadas na coda silábica.

O terceiro capítulo (pp. 427-528), dedicado ao galego medio, céntrase, por unha parte, na inestabilidade do vocalismo átono, na culminación do proceso de desnasalización vocálica, e nas principais mudanzas operadas nos hiatos en posición interior de palabra e nos ditongos decrecentes. Doutra parte, no que respecta ao consonantismo, expóñense principalmente as transformacións do subsistema de sibilantes (procesos de desafricación, desonorización e despalatalización), facendo referencia tamén á percepción e consideración –desfavorábel– dalgunha das unidades deste subsistema (como a consoante /ʃ/) no outono do período moderno do idioma (séc. XVIII). Alén disto, tómanse en consideración outros fenómenos característicos da época como a gheada e a deslateralización de /ʎ/, así como o tratamento dos ataques e codas silábicos. Polo que respecta ao galego contemporáneo (cap. IV, pp. 529-578), trátanse as principais mudanzas advertidas no sistema vocálico e, no ámbito consonántico, estúdase os aspectos innovadores ou continuistas do subsistema de sibilantes e o retraso da gheada, así como outras cuestións relativas á fricativa velar xorda, á síncope do /d/ intervocálico (na terminación *-ado(s)*), ao avance da deslateralización de /ʎ/ e o fortalecemento do /i/ intervocálico, á conformación dos grupos consonánticos homosilábicos e heterosilábicos, e, finalmente, aos modelos de entoación castelanizante.

Estamos diante, por tanto, dun monumental e imprescindible manual de estudo e consulta para todos aqueles interesados na historia da lingua galega, nomeadamente no cambio lingüístico motivado pola difusión das diferentes innovacións fonéticas e fonolóxicas operadas no galego desde a súa progresiva conformación como unha variedade romance autónoma con respecto ao latín até a actualidade. Só nos resta agradecer a Ramón Mariño Paz polo resultado deste magnífico traballo que, sen dúbida, está chamado a se converter na obra de referencia no seu campo, e que deberá ser completada nun futuro con novas achegas nos ámbitos da morfosintaxe e semántica históricas.

Ricardo PICHEL GOTÉRREZ
 Universidad de Alcalá
 ricardo.pichel@uah.es